



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Modesto Fraga

[Ramón Nicolás 30 xuño 2014](#)

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2014/06/30/cuestionario-proust-modesto-fraga/>

1.– Principal trazo do seu carácter?

– A constancia, a perseveranza.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

– Sen dúbida, a lealdade.

3.– Que agarda das súas amizades?

– Principalmente tres cousas: comprensión, lealdade e xenerosidade.

4.– A súa principal eiva?

– Son bastante testudo.

5.– A súa ocupación favorita?

– Estar coa familia, escribir, ler, aprender cada día cousas novas...

6.– O seu ideal de felicidade?

– Pechar algún día a cuadratura do meu círculo vital. Seguindo os consellos do poeta cubano José Martí, xa escribín o libro, xa plantei a árbore..., así que agora ese ideal de felicidade está cada vez máis preto. Haberá que poñerse...

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

– Perder ás persoas que quero.

8.– Que lle gustaría ser?

– Gustaríame ser alguén que tivese o suficiente poder para lograr unha sociedade máis xusta e humanitaria, sen discriminacións nin abusos.

9.– En que país desexaría vivir?

– Vivo felizmente no país dos meus ancestros, Galicia, e síntome orgulloso de pertencer a unha resistente estirpe milenaria. “Eles somos nós”, que diría o poeta Anxo Angueira.

10.– A súa cor favorita?

– Verde.

11. – A flor que máis lle gusta?

– O caravel, polo que representa simbolicamente para os dereitos e liberdades.

12.– O paxaro que prefere?

– De neno encantábanme os verderolos, os xirís de cabeza negra, os xílgaros. Hoxe en día gústanme todos.

13.– A súa devoción na prosa?

– Xosé Neira Vilas, Manuel Rivas, Gabriel García Márquez, Agustín Fernández Paz e moitos máis....

14.– E na poesía?

– É imposible nomealos todos: Miguel Hernández, Pablo Neruda, Quevedo, Cabanillas, Méndez Ferrín, Manuel Álvarez Torneiro, Xavier Seoane, Rafa Villar, Olga Novo...

15.- Un libro?

– Vou dicir cinco: *El rayo que no cesa*, *Cien años de soledad*, *Memorias dun neno labrego*, *Con pólvora e magnolias*, *Non hai noite tan longa*.

16.- Un heroe de ficción?

– Asterix.

17.- Unha heroína?

– Penélope.

18.- A súa música favorita?

– Berrogüetto, Luar na Lubre, ACadaCanto, Sés, Joaquín Sabina e os grandes da música clásica: Puccini, Bach...

19.- Na pintura?

– Velázquez, Miró, Picasso. Dos nosos, Urbano Lugrís, Isaac Díaz Pardo, Quessada, Nolo Suárez...

20.- Un heroe ou heroína na vida real?

– As mulleres deste país (labregas, viúvas de vivos e mortos...) que, contra vento e marea, foron quen de saír adiante, malia as adversidades.

21.- O seu nome favorito?

– Rosalía.

22.- Que hábito alleo non soporta?

– A intolerancia, a soberbia.

23.- O que máis odia?

– A prepotencia, o abuso de poder, as ditaduras.

24.- A figura histórica que máis despreza?

– Hitler, Stalin e Franco.

25.- Un feito militar que admire?

– A Revolución dos Cravos.

26.- Que don natural lle gustaría ter?

– Ter a capacidade de comprender todas as linguas do mundo.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

– Na casa, rodeado dos meus seres queridos.

28.- Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

– A felicidade. Son moi feliz e afortunado coa vida que teño.

29.- Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

– En ocasións, o mal xenio, o “pronto” dalgunhas persoas.

30.- Un lema na súa vida?

– O esforzo sempre ten a súa recompensa.